



O SEMINARIO DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO INMIGRANTE. EXPERIENCIA E INNOVACIÓN: UNHA TRAXECTORIA DE ÉXITO NA FORMACIÓN DOS PROFESORES EN GALICIA

Coa IX edición do Seminario, que se celebrou os días 13 e 14 de novembro deste 2015, especialmente dedicado a educar na diversidade cultural desde as Ciencias Sociais, e no que se abordaron dimensións relativas á diversidade cultural presente no currículo da área, o papel do profesorado, estratexias e recursos para abordar a diversidade cultural e algúns exemplos de experiencias de boas prácticas desde esta área de coñecemento, encaramos xa a preparación da que será a décima no próximo 2016.

O xermolo desta actividade, que reúne cada ano a dúcias de profesores do ensino non universitario, e mesmo a alumnos de máster, estivo ligada a unha demanda realizada desde os mesmos centros escolares e asociacións de docentes nos anos en que a inmigración crecía considerablemente no país e, como consecuencia, era perentorio dispoñer de coñecementos, estratexias, técnicas e recursos de todo tipo cos que poder xestionar as necesidades de atención educativa postas de manifesto coa continua chegada de familias desde outras latitudes con nenas e nenos en idade de ser escolarizados.

Foi así como xurdiu a complicidade operativa entre o Grupo de Investigación ESCULCA na USC e profesionais da educación infantil, primaria e secundaria para poñer en común temas e metodoloxías de traballo a favor dunha maior e mellor calidade na intervención pedagóxica, dentro e fóra das escolas. Entre as cuestións centrais das que se ven ocupando o Seminario están as que se refiren a tarefas de organización, titoría, currículo, atención educativa das familias, relixión e diversidade cultural, etc.

A propia avaliación anual do Seminario vai proporcionando pautas de mellora que tratamos de solventar nas posteriores edicións, recollendo suxestións e incorporando análises e perspectivas que ofrecen máis dinamismo e coidan a relevancia dos asuntos que se priorizan, considerando os avances experimentados na última década e solicitando máis implicación acerca dos retos que aínda é necesario afrontar.

Miguel Anxo Santos Rego

Presidente do Comité Organizador

Coordinador da Rede RIES

Director do Grupo de Investigación ESCULCA

Universidade de Santiago de Compostela

SUMARIO

PÁXINA 1

Editorial

PÁXINA 2

Experiencia Investigadora

PÁXINA 4

Experiencia Educativa

PÁXINA 7

Accións da Rede RIES

PÁXINA 12

Próximas accións da Rede RIES

PÁXINA 13

Próximos Congresos

PÁXINA 16

Novidades Editoriais

PÁXINA 18

Novidades Legislativas



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Proxecto Erasmus + "Guide My W@y. A European Career Guidance Concept for International Youth Mobility" (No. 2014-1-DE02-KA202-001610)

INTRODUCCIÓN

A mobilidade internacional para a procura de emprego é unha alternativa relevante para os mozos europeos. Esta situación de cambio persoal e profesional require o apoio duns Servizos de Orientación adecuados e de profesionais cualificados.

Neste contexto desenvólvese o Proxecto de investigación *Guide My W@y. A European Career Guidance Concept for International Youth Mobility*, deseñado a partir da base doutras experiencias investigadoras previas no ámbito da mobilidade xuvenil [EMAT-*European Migrant Advisor Toolkit* (2011-2014); NICE-*Network for Innovation in Career Guidance & Counselling in Europe* (2009-2012); MEVOC-*Quality Manual for Education Counselling*-(2003-2006) e BD-BG-*Brain Drain-Brain Gain* (2007-2009)].

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO



O proxecto fundaméntase na diversidade de conceptos e metodoloxías de traballo no campo do asesoramento existentes nos

diferentes países socios, así como nas necesidades requiridas por parte do colectivo de profesionais da orientación que abordan temáticas ligadas á mobilidade internacional xuvenil, coa finalidade de deseñar contidos e procesos para a auto aprendizaxe de carácter interactivo que axuden a mellorar a cualificación profesional dos orientadores europeos.

Os principais obxectivos do Proxecto son:

- Elaborar e formular un Concepto Europeo de Orientación da Carreira (CEOC).
- Deseñar e desenvolver un portal interactivo de e-aprendizaxe.

- Realizar accións de formación avanzada a través do e-ensino e o e-asesoramento cos conselleiros europeos de orientación.

Os obxectivos e accións do Proxecto teñen destinatarios directos e indirectos. No primeiro grupo atópanse dous colectivos, o constituído polos orientadores EURES e outros euro-orientadores, por considerarse os profesionais que habitualmente cumpren funcións de orientación para a mobilidade internacional; e o grupo dos formadores encargados de desenvolver as competencias do CEOC nos orientadores, que son tamén orientadores EURES e euro-orientadores que dominan na práctica o CEOC.

O grupo indirecto estaría composto polos mozos e mozas en busca de emprego no contexto da mobilidade internacional.

COORDINACIÓN E SOCIOS

A coordinación do Proxecto corre a cargo da University of Applied Labour Studies of the Federal Employment Agency (HdBA) de Mannheim (Alemaña). E ademais hai outros seis socios, pertencentes a cinco países membros da Unión Europea:

- Universidade de Santiago de Compostela (España).
- Rede EURES, Vigo, Galicia (España).
- Rede EURES (República Checa).
- Universidad de Masaryk, Brno (República Checa).
- Kaunas University of Technology (Lituania).
- Wojewodzki Urząd Pracy w Katowicach (Polonia).

TEMPORALIZACIÓN DO PROXECTO

O Proxecto *Guide My W@y A European Career Guidance Concept for International Youth Mobility* desenvólvese en diferentes etapas que

abranguen o período comprendido entre setembro de 2014 e agosto de 2016.

METODOLOXÍA

A metodoloxía de traballo a seguir no Proxecto comeza coa elaboración do CEOC no que respecta, fundamentalmente, á súa estrutura metodolóxica e ao seu contido.



O principal obxectivo da estrutura metodolóxica do concepto fai referencia aos métodos básicos de asesoramento e orientación no ámbito da mobilidade transnacional. Para a súa consecución, lévase a cabo un proceso multinivel, no que se inclúen diversas actividades, por exemplo a elaboración, aplicación e análise de resultados dun cuestionario Delphi; realización de diversos seminarios de discusión virtuais con conselleiros EURES ou o desenvolvemento do CEOC, tomando como referente a análise da diversidade de conceptualizacións existentes nos países dos socios participantes.

O traballo sobre o contido do CEOC céntrase no desenvolvemento dos elementos específicos deste construto, no cal se integran áreas referidas a:

- ✓ A elección e orientación da carreira.
- ✓ O perfil operativo na mobilidade internacional.
- ✓ O recoñecemento de certificacións.
- ✓ Os marcos legais.
- ✓ A mobilidade intercultural.
- ✓ A colocación laboral, educativa e profesional.

O proceso para a elaboración do contido do CEOC é idéntico ao empregado para o deseño da estrutura metodolóxica (cuestionario Delphi e

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Proxecto Erasmus + "Guide My W@y. A European Career Guidance Concept for International Youth Mobility" (No. 2014-1-DE02-KA202-001610)

seminarios virtuais cos conselleiros EURES).

Complementariamente, realizaranse diversas actividades apoiadas nun sistema de comunicación interno, a través do cal terán lugar reunións de grupo, seminarios e debates, funcionando, ademais, como plataforma de contido, denominada ILIAS (<http://www.guide-my-way.eu/ilias>).

RESULTADOS

A elaboración do CEOC constituirá a base para o establecemento de diferentes métodos de formación dirixidos aos orientadores europeos, posto en marcha a través da creación dun contorno virtual que constaría, basicamente, dos seguintes compoñentes:

- **Portal interactivo de e-aprendizaxe:** con carácter autodidacta e centrado, principalmente, no proceso interactivo de entrevistas de asesoramento que conteñen os métodos básicos de orientación, así como os coñecementos esenciais sobre mobilidade internacional na xuventude.
- **Implementación de métodos avanzados de formación:** permitirán levar a cabo a posta en práctica do CEOC a través do uso dunha aula virtual de e-aprendizaxe e da implementación de diálogos virtuais de e-orientación. A formación destinada aos orientadores europeos implementárase a través dos seguintes recursos:
 - ✓ Aula virtual de e-aprendizaxe: establecida como aplicación modular, permitirá a adquisición do CEOC e de diversas metodoloxías prácticas nun espazo virtual aberto.
 - ✓ Diálogos de e-orientación: permitirá aos profesionais da

orientación a realización de accións de e-asesoramento no seu traballo diario con mozas e mozos interesados na mobilidade internacional a partir de exemplos e casos prácticos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Agencia Federal de Empleo de la República Federal de Alemania (2009). *Actualidad sociolaboral*. Berlín: Consejería de Trabajo e Inmigración.
- Comisión Europea (2010). *Europa 2020: Estrategia para el crecimiento de la Unión Europea*. Bruselas: Comisión Europea.
- Lobacz, K., Klimek, J., Majchrzak, M., & Niedzielski, P. (2012). *La migración en el mercado laboral de Países Europeos: contexto legal y apoyo organizativo*. Szczecin: Universidad de Szczecin, Polonia.
- Schiersmann, C., Ertelt, B. J., Katsarov, J., Mulvey, R., Reid, H., & Weber, P. (Eds.) (2012). *NICE Handbook for the Academic Training of Career Guidance and Counselling Professionals*. Heidelberg: Heidelberg University.
- Sobrado, L. M., Ceinos, C., Rodicio, M^a. L., & Ocampo, C. (2014). E-Guidance for career: a new scenario of innovation and help. En J. Górna & D. Kukla (Eds.), *Vocational Counselling: changes and challenges on the labour market* (pp. 217- 237). Czestochowa: University in Czestochowa.
- ZAV & HdBA (Eds.) (2010). *Brain Drain-Brain Gain (BD-BG). Qualification Modules for Counsellors. A Leonardo da Vinci Project (Transfer of Innovation)*. Mannheim: University of Applied Labour Studies of the Federal Employment Agency.

Elena Fernández Rey

GI Diagnóstico e Orientación Educativa e Profesional (DIOEP)

Departamento de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación (MIDE)

Universidade de Santiago de Compostela

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Rural School Cloud: Innovación Educativa da Tecnoloxía Cloud nos Centros Rurais Agrupados

INTRODUCCIÓN

A utilización das TIC como recurso educativo nos centros de ensino leva suscitando especial interese e é froito de múltiples investigacións desde a comunidade científica ao longo das dúas últimas décadas. Cada vez máis se investiga sobre a preocupación por esclarecer as potencialidades, oportunidades e beneficios que as TIC achegan aos procesos de ensino-aprendizaxe; estudos e investigacións que se centran tanto no uso das TIC realizado por docentes como por discentes e que teñen como denominador común a mellora das metodoloxías de aprendizaxe (Cabero e Llorente, 2008).

Así pois, na sociedade globalizada e cambiante na que nos atopamos emerxeu no ano 2005 a tecnoloxía *Cloud Computing*, que é percibida como unha alternativa prometedora e sustentable para institucións educativas pola proporción dun servizo de acceso sinxelo e centralizado aos recursos virtualizados e ferramentas en equipos remotos para acceder a un software específico; o que constitúe unha poderosa tecnoloxía de impacto cara ao ensino a curto prazo (NMC Horizon Report, 2012).

Pero con todo, o *Cloud Computing* é, tamén, un concepto que incumbe á forma de traballo do profesorado, do alumnado e da aprendizaxe conectada; é dicir, ao acceso a arquivos, á colaboración entre docentes, á colaboración entre discentes, ao uso de ferramentas en liña desde calquera lugar e momento sen a necesidade de ter que instalar un software específico nos dispositivos para utilizar, etc. Cuestións, todas elas, analizadas e desenvolvidas na experiencia do Proxecto *Rural School Cloud* en xeral, e en particular nos Centros Rurais Agrupados da Comunidade Autónoma de Galicia pola tipoloxía e características propias destes centros de ensino.

PROXECTO RURAL SCHOOL CLOUD

O Proxecto *Rural School Cloud* (RSC) é un proxecto de investigación competitivo, financiado pola Comisión Europea no marco da acción COMENIUS do *Lifelong Learning Program* (2013), que promoveu a mellora da calidade da aprendizaxe e o ensino nos Centros Rurais Agrupados (CRA) e escolas rurais de Dinamarca, España, Grecia, Italia e Reino Unido, mediante a exploración, a adaptación e a mellora de metodoloxías innovadoras baseadas nas TIC e o *Cloud Computing*; onde a metodoloxía de investigación desenvolvida por RSC (Análise de necesidades das escolas participantes-Deseño da solución Cloud-Integración de contidos en RSC- Formación aos usuarios de RSC- Desenvolvemento da experiencia piloto-Avaliación formativa e sumativa de RSC) posibilitou responder satisfactoriamente ás diferentes necesidades dos CRA e a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

O Proxecto RSC perseguíu os seguintes obxectivos:

- Analizar a situación das rexións participantes co fin de adaptar e mellorar os enfoques tecnolóxicos e pedagóxicos orixinais para unha calidade de ensino.
- Desenvolver unha solución tecnolóxica baseada no *Cloud Computing* con software de código aberto, ferramentas en liña, recursos sociais e posibilidades educativas adecuadas para os contextos educativos dos centros participantes.
- Impulsar a creatividade dos discentes mediante o uso dunha contorna de traballo común con ferramentas e recursos en liña onde se poidan desenvolver as habilidades en TIC avanzadas presentes no seu tempo libre e levalas ás escolas.
- Probar e implementar a innovación pedagóxica das TIC, baseadas no *Cloud Computing*, en polo menos dúas escolas de cada país participante.
- Proporcionar formación específica ao profesorado orientada á utilización das TIC para mellorar a creatividade e a colaboración en rede; así como para orientar e apoiar a adquisición das habilidades por parte dos discentes.
- Avaliar a experiencia do proxecto e extraer conclusións prácticas e útiles sobre o uso das TIC, baseadas no *Cloud Computing*, adecuadas para as rexións participantes, como tamén para outras escolas de rexións europeas que teñan similares necesidades.

A nivel global, o Proxecto RSC sustentouse en analizar a situación das rexións participantes co fin de adaptar e mellorar os enfoques tecnolóxicos e pedagóxicos orixinais. A partir de aí, traballouse no desenvolvemento dunha solución tecnolóxica baseada no *Cloud Computing* (ver <http://rsc.cesga.es>) con software de código aberto, ferramentas en liña, recursos sociais e posibilidades educativas adecuadas para os contextos educativos dos centros participantes.

O espazo creado en RSC (ver <http://rsc.cesga.es>) organizouse en virtude de catro temáticas para actividades nas diversas escolas rurais: noticias de actualidade; natureza; matemáticas todos os días; e tradicións locais. Onde cada unha das escolas rurais participantes desenvolveu o seu proxecto de actividades integrado nunha das temáticas citadas, para a súa colaboración co resto de escolas adscritas a esa temática en particular. Deste xeito, nunha mesma temática (noticias de actualidade; natureza; matemáticas todos os días; e tradicións locais), as escolas rurais adscritas puideron implementar proxectos a nivel de escola diferentes,

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Rural School Cloud: Innovación Educativa da Tecnoloxía Cloud nos Centros Rurais Agrupados

o que promoveu a colaboración docente na construción de materiais, a adaptación de experiencias educativas aos contextos particulares e necesidades propias, a comunicación entre docentes e discentes europeos baixo unha temática común, entre outros aspectos.

Así pois, en cada unha das temáticas as escolas rurais tiveron á súa disposición un xestor de arquivos, ferramentas de edición (textos, imaxes, vídeos), un espazo de almacenamento para profesorado e alumnado (persoal e compartido), ferramentas e canles de comunicación (chat de docentes, chat de discentes, videoconferencia, mensaxería interna, mensaxería mail, espazo de reunión social, etc.). Todo iso co obxectivo de crear un espazo aberto, flexible e adaptado á tipoloxía particular das escolas rurais, e para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe co apoio das TIC. En concreto, para impulsar a creatividade dos discentes mediante o uso dunha contorna de traballo común con ferramentas e recursos en liña onde puideron desenvolver as habilidades TIC avanzadas presentes no seu tempo libre (edición de vídeo, edición de imaxes, creación multimedia, comunicación en redes sociais); e proporcionar formación específica ao profesorado orientada á colaboración en rede, así como para apoiar e desenvolver a adquisición das competencias TIC en discentes.




Figura 1. Interface de acceso ás temáticas de RSC
(<http://rsc.cesga.es>)

DIMENSIÓN DE ANÁLISE DA COMPETENCIA DIXITAL NO ALUMNADO DO PROXECTO RURAL SCHOOL CLOUD

A análise do impacto da experiencia piloto do Proxecto RSC no alumnado participante centrouse en garantir a calidade das actividades, traballos, resultados elaborados no proxecto e competencia dixital desenvolvida nos discentes. Para iso, optouse pola construción dun cuestionario online de aplicación pretest-postest aos discentes participantes co obxectivo de identificar as TIC ás que teñen acceso; analizar o nivel de coñecemento, uso e actitudes cara ás TIC, baseadas

no *Cloud Computing*; e en coñecer o uso realizado de RSC no proceso de ensino-aprendizaxe.

O instrumento utilizado para a recollida de información foi un cuestionario de competencias TIC para o alumnado, deseñado para avaliar a competencia dixital nos discentes europeos participantes en RSC e aplicado online nos cinco países colaboradores (traducido ás linguas oficiais de cada país): Dinamarca, España, Grecia, Italia e Reino Unido.

Na construción do cuestionario consideráronse tanto as recomendacións metodolóxicas ao redor deste tipo de instrumento, realizadas por diferentes autores como, por exemplo, Cohen e Manion (1990), así como as principais referencias teóricas que fundamentan a competencia dixital, como as proporcionadas por Cabero e Llorente (2008).

As dimensións que constituíron o cuestionario discente do Proxecto RSC son: datos descritivos (dimensión que recolle información relativa ao estudante sobre xénero, idade, nivel educativo de estudo, curso, centro educativo, país); TIC ás que teñen acceso o alumnado (dimensión que recompila información sobre as TIC ás que o alumnado ten acceso tanto no fogar como nas escolas rurais); coñecemento TIC polos discentes (dimensión que recolle información relativa ao nivel de coñecemento que os discentes posúen sobre as TIC, na que se estableceron catro bloques de coñecementos entre os que se distribúen os ítems da dimensión relativos a: coñecementos de carácter técnico das TIC; coñecementos de seguridade en TIC; coñecementos para a xestión e tratamento da información con TIC; e coñecementos de colaboración con TIC); usos das TIC polo alumnado (dimensión que recompila información sobre a utilización que os discentes fan das TIC en tempo de lecer ou actividades lúdicas (aprendizaxe non formal) e a súa frecuencia; xunto coa utilización das TIC para a escola (aprendizaxe formal) e a súa frecuencia de uso centrada en aspectos máis vinculados á realización de actividades na aula, desenvolvemento de contidos das materias, comunicacións establecidas entre profesorado e alumnado, entre outros aspectos.); e actitudes dos discentes cara ás TIC (dimensión que recolle información sobre as actitudes dos discentes cara ás TIC en plano xeral, pero tamén profundando na predisposición de uso cara ás TIC, dependencia das TIC, riscos das TIC e limitacións das TIC).

CONCLUSIÓN

As consideracións finais tras a análise dos resultados da presente experiencia encamiñáronse a que hoxe en día o desenvolvemento da competencia dixital vese fortalecida por esta tecnoloxía emerxente (*Cloud Computing*) como espazo aberto, flexible e adaptado ás demandas actuais das escolas rurais, onde se promocionan usos das TIC para a procura, procesamento e comunicación da información; a realización

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Rural School Cloud: Innovación Educativa da Tecnoloxía Cloud nos Centros Rurais Agrupados

de actividades colaborativas promovendo a creatividade, o pensamento crítico, a toma de decisións e resolución de problemas; a edición e o deseño de materiais educativos multimedia; as actitudes de traballo colaborativo con TIC; a mellora de habilidades comunicativas e familiarización con ferramentas de comunicación (chat, videoconferencia, mensaxería interna, mensaxería mail); entre outras.

Por outra banda, cabe destacar que na elaboración do cuestionario de análise da competencia dixital en discentes tivo en conta a distinción entre usos das TIC en tempo de lecer-lúdico (aprendizaxe non formal) e os usos das TIC nas escolas rurais en momentos de aprendizaxe formal. O que constatou que tanto o uso das TIC por parte dos discentes para aprendizaxes formais, non formais e accións lúdicas leva á posta en acción de coñecementos, usos e actitudes cara ás TIC de maneira similar; non discriminando os coñecementos, capacidades e actitudes cara ás TIC en función do uso que realiza delas o alumnado, polo que esa retroalimentación de promover a competencia dixital nas escolas debe verse reforzada desde o ámbito familiar, a comunidade educativa e a sociedade.

Neste sentido, estas consideracións finais do Proxecto RSC, xunto coa adquisición da competencia dixital no alumnado de RSC é o que se pretendeu constatar na implementación e análise da experiencia do proxecto, sen obviar que a competencia dixital implica directamente as dimensións que cobre o cuestionario RSC de coñecementos, capacidades (usos) e actitudes cara ás TIC nos discentes, e constitúe un hándicap sobre o que seguir investigando para unha mellora e adecuada disposición e utilización das TIC ao servizo da educación.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Cabero, J., e Llorente, M. C. (2008). La alfabetización digital de los alumnos. Competencias digitales para el siglo XXI. *Revista Portuguesa de Pedagogía*, 42, 7-28.
- Castaño, C., Maiz, I., Beloki, N., Bilbao, J., Quecedo, R., e Mentxaka, I. (2004). *La utilización de las TICs en la enseñanza primaria y secundaria obligatoria*. Barcelona: Edutec 2004.
- Cohen, L., e Manion, L. (1990). *Métodos de investigación educativa*. Madrid: La Muralla.
- New Media Consortium. (2012). *NMC Horizon Project Short List. 2012 K-12 Edition*. Recuperado de <http://www.nmc.org/pdf/2012-horizon-K12-shortlist.pdf>
- Proxecto de Investigación *Rural School Cloud* (RSC). Consultado o 28 de outubro de 2015, en: URL (<http://rsc.cesga.es>).

Romero, R., Román, P., e Llorente, M. C. (2009). *Tecnologías en los entornos de Infantil y Primaria*. Madrid: Síntesis.

Urueña, A. (2012). *Cloud Computing. Retos y Oportunidades*. Madrid: Ministerio de Industria, Energía y Turismo.

Santiago García Vázquez

*GI TEC-EDUC - Grupo de
Tecnoloxía Educativa*

*Departamento de Didáctica e
Organización Escolar*

*Universidade de Santiago de
Compostela*

ACCIÓNS DA REDE RIES

PROXECTOS, CONTRATOS E CONVENIOS DE INVESTIGACIÓN

PROXECTO “ERASMUS+ GUIDE MY W@Y”

O Grupo de Investigación DIOEP, membro da Rede RIES, continua traballando no proxecto “Erasmus+ Guide my W@y”. A última reunión de coordinación celebrouse o 28 de outubro por videoconferencia. O obxectivo da mesma centrábase na revisión da versión inicial ou preliminar do modelo formativo sobre o *European Career Guidance Concept (ECGO)* para orientadores EURES.

PROXECTO “NETWORK FOR INNOVATION IN CAREER COUNSELLING & GUIDANCE IN EUROPE”

Este proxecto, no que participa o Grupo de Investigación DIOEP, ven de recibir o Premio Nacional de Orientación Profesional 2015 -Premio de Honra-, concedido polo Centro de Euro-Orientación da República Eslovaca, pertencente á *European Euroguidance Network* (<http://euroguidance.eu>), con motivo da organización da última Conferencia Internacional do NICE, celebrada o pasado mes de maio en Bratislava, Eslovaquia (coordinada pola Universidade Eslovaca de Tecnoloxía).

CURSOS, CONGRESOS, SEMINARIOS E XORNADAS

CURSO DE VERÁN UNED 2015 “OS CENTROS PENITENCIARIOS COMO ESPAZOS MULTICULTURAI”

A Coruña, 1-3 de xullo de 2015

Con este curso preténdese ofrecer unha visión xeral do contexto multicultural nos centros penitenciarios. Concretamente, a Profa. Dra. Mar Lorenzo Moledo analizou, desde o punto de vista socioeducativo, a xestión da diversidade cultural nun centro penitenciario. Ademais, abordáronse outros temas de interese como a función política e económica do cárcere, as diferentes culturas e as súas características nos espazos privados de liberdade e a función cultural, multicultural e intercultural dos centros penitenciarios.



CURSO DE VERÁN “OS 25 ANOS DA CONVENCIÓN DOS DEREITOS DOS NENOS E AS NENAS: ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOEDUCATIVA DA INFANCIA”

Santiago de Compostela, 20-21 de xullo de 2015



O obxectivo principal do curso, que estivo dirixido pola Profa. Dra. Mar Lorenzo Moledo, foi analizar a situación socioeducativa da infancia na sociedade actual, estudar o papel da educación no desenvolvemento da Convención e analizar a evolución do neno como suxeito de dereitos.

Abordáronse temáticas como o impacto da crise na infancia, os dereitos da infancia no ordenamento internacional, o traballo coa infancia desde os Servizos Sociais comunitarios, a infancia da inmigración en España, ou a evolución da situación da infancia no sistema penitenciario español, entre outras.

ACCIÓNS DA REDE RIES

XI NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2.0: VIOLENCIAS, COEDUCACIÓN E AXENTES DE SOCIALIZACIÓN

Lalín, 21-24 de xullo de 2015

A décimo primeira edición do curso organizado polas Profas. Dras. María José Méndez Lois e María Jesús Payo Negro tivo como obxectivo principal tomar conciencia sobre as violencias na sociedade civil a fin de intercambiar e analizar boas prácticas para o desenvolvemento de actuacións igualitarias que faciliten, aos distintos axentes de socialización que participan na formación e educación da cidadanía, a detección dos problemas educativos e sociais neste ámbito e a achega de alternativas de solución que contribúan a mellorar a sociedade na que vivimos.

O curso, que se celebrou no Auditorio Municipal de Lalín, cunha duración de 30 horas, foi coorganizado polo Instituto de Ciencias da Educación (ICE-USC) e a Oficina de Igualdade do Concello de Lalín.



IV CONGRESO INTERNACIONAL DE ATENCIÓN TEMPERÁ E EDUCACIÓN FAMILIAR

Santiago de Compostela, 10-12 de setembro de 2015



Desde a Asociación Galega para a Docencia e a Investigación do Retraso Mental (A.Ga.D.I.R.) e o Grupo de Investigación ESCULCA organizouse o IV Congreso Internacional de Atención Temprá e Educación Familiar (Ciatef), no que se deron cita prestixiosos investigadores de todo o mundo do campo da atención temperá e a intervención dos trastornos no desenvolvemento e da educación en contextos familiares.

SEMINARIO SOBRE AVANCES EN CORPUS ORAIS

Santiago de Compostela, 24-25 de setembro de 2015

Seminario organizado polos grupos de investigación Gramática do español (membro da Rede RIES) e SPERTUS. A súa posta en marcha vincúlase aos proxectos de ambos grupos "O estudo da lingua oral: explotación e análise de corpus" (GI Gramática do español) e "Modern Spoken English: The interpersonal Component Informal and Academic Contexts" (SPERTUS).

IV ENCONTRO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Bergondo, 2 de outubro de 2015

Neste encontro, organizado polo Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio "As Mariñas" e a Deputación da Coruña, o persoal técnico dos Servizos Sociais e os cargos políticos responsables destas áreas compartiron unha xornada de formación na que se analizaron, como eixo principal do encontro, as novas estratexias a adoptar tanto a nivel persoal como institucional para a resolución das problemáticas sociais. No marco desta xornada participaron os membros do GI ESCULCA Alexandre Sotelino e Javier Agrafojo cun relatorio e un obradoiro sobre a metodoloxía Aprendizaxe-Servizo no ámbito da Administración Local. O obxectivo desta actividade foi máis alá da formación, aspirando a ser un punto de encontro e confraternización dos máis de cen profesionais dos servizos sociais destes concellos.

ACCIÓNS DA REDE RIES

A TERMINOLOXÍA COMO CHAVE PARA A INSERCIÓN DISCIPLINAR: UN ESTUDO NA COMUNIDADE DISCIPLINAR DA PSICOLOXÍA

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2015

Nesta conferencia, na que participa o GI Gramática do español, abordouse o papel da terminoloxía na adquisición do coñecemento especializado dunha disciplina e nas dificultades que formula aos estudantes que se insiren nunha comunidade disciplinar. Para iso, presentouse unha investigación sobre variación terminolóxica na disciplina da psicoloxía, na que se caracterizou o seu papel na construción do coñecemento especializado nos textos e se avaliaron as necesidades de estudantes de primeiro ano no manexo da variación terminolóxica en tarefas de comprensión e produción de textos.

IX SEMINARIO NACIONAL DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO INMIGRANTE. EXPERIENCIA E INNOVACIÓN. EDUCAR NA DIVERSIDADE CULTURAL DESDE AS CIENCIAS SOCIAIS

Santiago de Compostela, 13-14 de novembro de 2015

Un ano máis, o Grupo de Investigación ESCULCA-USC organizou, en colaboración coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, un seminario de formación centrado na atención educativa proporcionada ao alumnado inmigrante desde a perspectiva das Ciencias Sociais.

Os obxectivos do mesmo centráronse en ampliar e fortalecer as canles de colaboración entre investigadores e profesionais da educación, continuar coa consolidación dun foro estable sobre investigación e innovación na atención educativa á diversidade cultural, procurar o coñecemento e a posta en valor de proxectos educativos neste ámbito, axudar á difusión de ideas e proxectos socioeducativos, animar a participación de profesionais da educación que desenvolvan programas en centros para que poñan en valor social as súas experiencias e favorecer novos enfoques na formación do profesorado.



COMO REDACTAR UN ARTIGO CIENTÍFICO

Vigo, 16 de novembro de 2015

O Grupo de Investigación GIES10, membro da Rede RIES, realizou un curso coa finalidade de que os asistentes aprendan a describir os achados dun proceso de investigación, pois, normalmente, calquera autor que pretende transmitir os resultados da súa investigación, atópase coa gran dificultade de resumir en poucas páxinas e transmitir con claridade os coñecementos adquiridos ao longo de todo este proceso que normalmente leva varios anos. Como obxectivo principal propoñíase adquirir as destrezas necesarias para comunicar os achados derivados do proceso de investigación realizado coa eficacia comunicativa que determinados tipos de textos requiren.

XVII CONGRESO INTERNACIONAL DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO

Santiago de Compostela, 18-20 de novembro de 2015



O Grupo de investigación GEFIL (membro da Rede RIES) e o Instituto do Emprego e Formación Profesional para o Emprego (Portugal) revisaron coa XVII edición do Congreso Internacional de Galicia e Norte de Portugal de Formación para o Traballo os avances en materia de recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias profesionais; poñendo de relevo a produción científica, técnica, boas prácticas e interrogantes para analizar a actualidade destas cuestións no contexto da Eurorrexión Galicia e Norte de Portugal. Entre os temas tratados destacan a formación, a orientación e o emprego no recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas en contextos formais, non formais e informais.

ACCIÓNS DA REDE RIES

XORNADA FORMATIVA: "PROPOSTAS DIDÁCTICAS CENTRADAS NO ALUMNADO"

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2015



Esta actividade formativa, na que participa o GI TECNO-EDUC (membro da Rede RIES) centrouse na adquisición de boas prácticas TIC para o profesorado de secundaria. Tratáronse distintos aspectos relacionados coas contornas de aprendizaxe, menores e seguridade na rede, software social para a aula e presentación de boas prácticas. A actividade foi certificada e tivo lugar no CIFP Compostela (Lamas de Abade) en Santiago de Compostela.

PREMIOS

PREMIOS FUNDACIÓN BARRIÉ DE LA MAZA 2016

A proposta do programa integral de educación emocional e social con perspectiva de xénero en Educación Secundaria Obrigatoria "Sintonizando" é resultado da colaboración entre o IES Xulián Magariños de Negreira e o Seminario EXDEHU do Instituto de Ciencias da Educación. Esta resultou seleccionada na IV Convocatoria de Proxectos Escolares 2015-2016 da Fundación Barrié de la Maza na modalidade de Proxecto Colaborativo.

ESTANCIAS DE INVESTIGACIÓN

ESTANCIAS CONVOCADAS NO MARCO DA REDE RIES

Co obxecto de reforzar o programa formativo e acelerar a realización das Teses de Doutoramento do persoal en formación dos grupos de investigación que integran a Rede RIES foron convocadas as axudas para estancias nacionais e internacionais. A duración mínima da estancia era de dúas semanas e a máxima dun mes, a realizar entre o 1 de maio e o 15 de outubro de 2015. As estancias realizadas no marco desta convocatoria foron as seguintes:

- **Regueiro Fernández, Bibiana (Grupo de Investigación GIPED)**

4 de maio-1 de xuño de 2015

A estancia presentada pola doutoranda do GI GIPED, membro da Rede RIES, realizouse na Universidade de Oviedo baixo a supervisión do Prof. José Carlos Nuñez-Pérez, Director do Departamento de Psicoloxía da mesma universidade. Os temas nos que se pretendía afondar co desenvolvemento desta actividade referíanse ás metas académicas, deberes escolares e aprendizaxe en estudantes de secundaria.

- **García Álvarez, Jesús (Grupo de Investigación ESCULCA)**

15 de setembro-15 de outubro de 2015

A estancia solicitada polo doutorando do GI ESCULCA, grupo coordinador da Rede RIES, foi realizada baixo a supervisión da Profa. Carolina Fernández-Saliner de Miguel, Profesora do Departamento de Teoría e Historia da Educación e Secretaria da Facultade de Educación da Universidade Complutense de Madrid. Os obxectivos que se formularon para a mesma xiraron en torno á consulta de documentación científico - técnica, ampliación do coñecemento acerca de métodos e técnicas de investigación, participación de análises e debates promovidos por outros investigadores e a colaboración coa profesora de referencia no centro.

ACCIÓNS DA REDE RIES

CARLA CAZELATO FERRARI, DA PONTIFICIA UNIVERSIDAD CATÓLICA DE SÃO PAULO, REALIZA UNHA ESTANCIA DE CATRO MESES NO GI ESCULCA

9 de setembro de 2015-9 de xaneiro de 2016

Pedagoga formada pola Pontificia Universidad Católica de São Paulo (PUC / SP), con habilitación en educación de persoas con discapacidade audiocomunicativa (2007). Mestra en Educación polo Programa de Estudos Pos-Graduados en "Educación: Historia, Política, Sociedad", da PUC/SP (2010), coa disertación titulada "As agrupacións espontáneas de mozos e adultos xordos: un estudo das súas traxectorias e composición". Actualmente, é doutoranda do PEPG en "Educación: Historia, Política, Sociedad" (PUC/SP) e integrante do proxecto de investigación "O estado da arte da produción académica em educação especial no Brasil" con financiamento do Conselho Nacional de Desenvolvimento Científico e Tecnológico, CNPQ-Brasil.

ESTANCIA DE ANTONIO RIAL SÁNCHEZ, DIRECTOR DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEFIL

15 de setembro-15 de outubro de 2015

O director do Grupo de Investigación GEFIL, membro da Rede RIES, realizou unha estancia na Benemérita Autónoma Universidad de Puebla (México) coa finalidade de realizar actividades asociadas á impartición de obradoiros e conferencias acerca do "Curriculum Internacional".

PRÓXIMAS ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

CURSO DE DESTREZAS E ESTRATEXIAS PARA A COEDUCACIÓN EMOCIONAL

Santiago de Compostela, 13, 20 e 27 de novembro-11 e 18 de decembro de 2015

O Seminario de Emocionalidade, Xénero e Desenvolvemento Humano (EXDEHU) do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela organiza este curso dirixido a profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, alumnado da Facultade de Ciencias da Educación e outros profesionais interesados na temática. Os obxectivos desta actividade pasan por comprender a relevancia das emocións na escola coeducativa, tomar conciencia das propias emocións e das emocións dos demais e enfrontarse á tarefa de educar en relación ás dimensións coeducativa e emocional.

ACTIVIDADES DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES10)

Vigo, xaneiro-marzo de 2016

O Grupo de Investigación GIES10, membro da Rede RIES, poñerá en marcha entre os meses de xaneiro e marzo, tres actividades de gran interese para a comunidade educativa:

- “Manexo e produción de materiais educativos multimedia innovadores” (Poñente: Diego Alonso).
- “Desenvolver o espírito emprendedor nas materias de Grao na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte” (Poñente: M^a Luisa Rodicio).
- “Xornadas de adestramento funcional” (Poñentes: Rui Garganta, Ana Sousa e Dárida Castro). Entre os temas a tratar encóntranse o adestramento funcional para mozos, adultos e atletas; adestramento funcional para persoas con necesidades educativas especiais; e adestramento funcional para persoas maiores.

FORMACIÓN NO DESEÑO DUN CONTORNO VIRTUAL PERSONALIZADO PARA PROFESORES DO PROXECTO LANDCARE

Santiago de Compostela, decembro de 2015-abril de 2016

Esta actividade formativa inclúese no Proxecto internacional LANDCARE, que coordina a USC, e está dirixida á formación de profesores para o deseño dun contorno virtual e PLE que se vai experimentar co alumnado da USC. Entre o profesorado que impartirá a actividade encóntranse dous membros do GI TECNO-EDUC, as Profas. Beatriz Cebreiro e Carmen Fernández. Entre os obxectivos desta actividade destacan: coñecer as metodoloxías didácticas e contornos tecnolóxicos flexibles, experimentación de procesos de ensinanza-aprendizaxe modulares para xerar un banco de exemplo de boas prácticas, aplicación dun plan de formación virtual dos alumnos en uso de novas tecnoloxías e o deseño dun banco de materiais.

VII CONGRESO NACIONAL E II INTERNACIONAL DE APRENDIZAXE-SERVIZO UNIVERSITARIO APS(U)7

Santiago de Compostela, 13-15 de outubro de 2016

Desde o Grupo de Investigación ESCULCA, a Rede RIES e a Asociación Galega de ApS (ApSGa) púxose en marcha a organización do VII Congreso Nacional e II Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario ApS(U)7, que se celebrará en Santiago de Compostela os días 13, 14 e 15 de outubro de 2016. En breve, estará dispoñible a páxina web coa información necesaria para participar.



REUNIÓN DE TRABALLO E VISITAS CIENTÍFICAS

REUNIÓN TRANSNACIONAL MEETING DOS MEMBROS DO PROXECTO “GUIDE MY W@Y”

Santiago de Compostela, marzo de 2016



O Grupo de Investigación DIOEP participará en marzo de 2016 nunha reunión internacional co proxecto Erasmus+ *Guide my W@Y!* en Polonia, coordinada pola Axencia Provincial Laboral de Katowice, e coa finalidade de facer balance das actividades desenvolvidas no deseño da formación modular continua para orientadores que traballen no ámbito da mobilidade internacional da xuventude europea, e para o estudo da implantación do programa formativo a través dunha plataforma de e-Learning e e-Guidance deseñada especialmente para a ocasión.

PRÓXIMOS CONGRESOS

CONGRESO INTERNACIONAL E INTERUNIVERSITARIO CONTRA A POBREZA INFANTIL NO MUNDO

Huelva (España), novembro de 2015-Asunción (Paraguay), novembro de 2016

O Consello Independente de Protección da Infancia (CIPI) e a Asociación Infancia, Cultura e Educación (AICE), no marco da Xira España pola Infancia, presentan o Congreso Internacional e Interuniversitario contra a Pobreza Infantil no Mundo, que durante un ano percorrerá máis de 30 universidades españolas, unha universidade de Portugal, unha universidade de Marrocos e finalizará a súa escala presentando as conclusións no VII Congreso Mundial polos Dereitos da Infancia e Adolescencia a finais do 2016 en Asunción (Paraguay).



O Congreso está dirixido a nenos, adolescentes, mozos, educadores sociais, mestres, traballadores sociais, psicopedagogos, pedagogos, psicólogos, sociólogos, antropólogos, periodistas, profesores, orientadores, médicos, enfermeiros, policía, avogados, xuíces, membros de ONG, docentes e investigadores universitarios, estudantes, pais, nais e demais persoas interesadas.

Máis información: <http://www.cipinfancia.org/gira/congreso>

10TH ANNUAL INTERNATIONAL TECHNOLOGY, EDUCATION AND DEVELOPMENT CONFERENCE (INTED 2016)

Valencia, 7-9 de marzo de 2016

INTED é unha das conferencias de educación internacionais máis importantes para profesores, investigadores, tecnólogos e profesionais do sector educativo. Despois de 10 anos, converteuse nun evento de referencia no que máis de 700 expertos de 80 países se reúnen para presentar os seus proxectos e compartir o seu coñecemento sobre metodoloxías de ensinanza e aprendizaxe, innovacións educativas e experiencias en tecnoloxía e desenvolvemento. INTED é máis que unha Conferencia, é unha plataforma ideal para o traballo en rede estratéxico internacional, o mellor lugar para presentar as súas innovacións e proxectos sobre educación e tecnoloxía.



Máis información: <http://iated.org/inted/>

IV CONGRESO IBÉRICO: A FENDA DIGITAL: TIC, NEAE, INCLUSIÓN E EQUIDADE

Santiago de Compostela, 7-9 de abril de 2016

A través de este IV Congreso preténdese crear un espazo de encontro internacional co fin de xerar debate sobre o estado actual das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) nos diferentes contextos educativos. Especificamente, o obxectivo principal do Congreso é analizar as posibilidades que as TIC poden ofrecer para contribuír ao desenvolvemento de procesos de inclusión educativa, a abordaxe das necesidades educativas especiais e a facilitar ou promover a igualdade.

Este evento constitúe tamén un contexto de intercambio sobre experiencias e de proxectos de investigación innovadores, favorece o *feed-back* e a reflexión entre docentes, educadores/as sociais, pedagogos/as, asistentes sociais, psicólogos/as, e outros/as participantes, coa finalidade de analizar criticamente o papel que teñen desempeñado as TIC no ámbito académico e nos contextos socio-comunitarios.

Máis información: <https://fendadixital.wordpress.com/>

PRÓXIMOS CONGRESOS

IX CONGRESO IBEROAMERICANO DE DOCENCIA UNIVERSITARIA

Murcia, 31 de marzo-2 de abril de 2016

O IX Congreso Iberoamericano de Docencia Universitaria que se desenvolverá baixo o título “La Universidad en cambio: Gobernanza y renovación pedagógica” está organizado polo grupo de investigación de Equidad e Inclusión Educativa (EIE) da Universidade de Murcia e promovido desde a Asociación Iberoamericana de Docencia Universitaria (AIDU). Este Congreso aspira a constituírse como un espazo de encontro entre profesores de países europeos e de América Latina. Países que teñen en común a lingua e unhas tradicións universitarias que formulan retos comúns para o futuro; o que pode permitir a xeración de sinerxías institucionais e persoais que nos permitan avanzar na mellora da Educación Superior ou Universitaria.



Máis información: http://www.cidumurcia2016.com/event_detail/2222/detail/ix-congreso-iberoamericano-de-docencia-universitaria.html

VIII CONGRESO INTERNACIONAL DE PSICOLOGÍA E EDUCACIÓN (CIPE 2016)

Alacante, 15-17 de xuño de 2016



O Congreso, baixo o lema “Aprendiendo, Creciendo, Innovando”, ten como principal obxectivo dar respostas innovadoras aos retos que ten formulados a educación na actualidade, coa finalidade de contribuír á mellora da calidade educativa e da sociedade en xeral. Está dirixido tanto a académicos como a profesionais e estudantes do campo da psicoloxía e a educación, interesados en compartir coñecementos e experiencias neste ámbito.

Os temas incluídos no programa do Congreso abarcan as principais cuestións que se lle presentan aos profesionais da educación hoxe: o deseño e desenvolvemento de novos ambientes de aprendizaxe, o emprego das novas tecnoloxías, a motivación dos estudantes, a aplicación da neurociencia á educación, a avaliación das aprendizaxes e as competencias, a intervención ante as dificultades da aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento, a atención temperá, entre outros.

Máis información: <http://www.cipe2016.com/es/>


XVI CONGRESO NACIONAL E VII CONGRESO IBEROAMERICANO DE PEDAGOXÍA (SEP 2016)

Madrid, 28-30 de xuño de 2016

Coincidindo co centenario da publicación da obra de John Dewey “Democracia y Educación”, a Sociedade Española de Pedagogía, en colaboración con outras redes do ámbito da Educación, celebra en Madrid o XVI Congreso Nacional e VII Iberoamericano de Pedagogía. SEP 2016 será un lugar de intercambio de coñecementos, experiencias e investigacións que permitan construír novos coñecementos para promover o desenvolvemento do pensamento pedagóxico. Este congreso está dirixido a investigadores e profesionais da educación interesados en compartir e debater investigacións, innovacións e experiencias educativas.

O programa científico está composto por conferencias plenarias, obradoiros invitados dirixidos por expertos, comunicacións orais e pósteres, e experiencias e boas prácticas educativas que os docentes realizan nas súas aulas.

Máis información: <http://www.congresodepedagogia.com/>



PRÓXIMOS CONGRESOS

5º CONGRESO INTERNACIONAL MULTIDISCIPLINAR DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA (CIMIE 16)

Sevilla, 30 de xuño-1 de xullo de 2016



#CIMIE16


CIMIE é o congreso anual organizado por AMIE (Asociación Multidisciplinaria de Investigación Educativa), que se organiza en dúas xornadas intensivas.

O primeiro día estrutúrase en base ás disciplinas e/ou áreas: Didáctica da Lingua e a Literatura; Didáctica da Expresión Musical; Didáctica das Matemáticas e as Ciencias Experimentais; Didáctica da Educación Física; Didáctica e Organización Educativa; Didáctica da Expresión Plástica; Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación; Teoría da Educación; Historia da Educación; Psicoloxía da Educación; Socioloxía; Economía; Educación Social e Traballo Social. O segundo en temas que se abordan de forma interdisciplinaria: Multiculturalismo e Minorías Étnicas; Educación de Persoas Adultas; TIC e Educación Mediática; Xénero; Políticas Educativas baseadas en evidencias; Educación Infantil e Primaria; Educación Secundaria; Estudos do Currículo; Educación Inclusiva; Formación do Profesorado; Escola, Familia e Comunidade; Excelencia en Docencia e Investigación Universitaria; Educación para o Desenvolvemento; Relixiosidade e Espiritualidade na Educación e na Sociedade.


Máis información: <http://amieedu.org/cimie/>

NOVIDADES EDITORIAIS


Álvarez González, B., Fernández Suárez, A. P., e Martínez González, M. C. (2015). *Orientación Familiar. Contextos, Evaluación e Intervención*. Madrid: Dykinson.



Bisquerra Alzina, R., Pérez González, J. C., e García Navarro, E. (2015). *Inteligencia emocional en educación*. Madrid: Síntesis.



Day, C., e Gu, Q. (2015). *Educadores resilientes, escuelas resilientes. Construir y sostener la calidad educativa en tiempos difíciles*. Madrid: Narcea.



Arribas Cubero, H., e Fernández Atienzar, D. (2015). *Deporte adaptado y escuela inclusiva*. Barcelona: Graó.



Carbonell Sebarroja, J. (2015). *Pedagogías del siglo XXI. Alternativas para la innovación educativa*. Barcelona: Octaedro.




Defior Citoler, S., Serrano Chica, F., e Gutiérrez Palma, N. (2015). *Dificultades específicas de aprendizaje*. Madrid: Síntesis.



Belando Montoro, R. (2015). *La educación repensada*. Madrid: Pirámide.



Carrasco, J. B., e Javaloyes Soto, J. J. (2015). *Motivar para educar. Ideas para educadores: docentes y familias*. Madrid: Narcea.




García Luque, A., e Peinado Rodríguez, M. (2015). *Igualdad de género en Educación Secundaria. Propuestas didácticas audiovisuales*. Barcelona: Octaedro.



NOVIDADES EDITORIAIS

Lenz, T., e Tröhler, D. (2015). *Trayectorias del desarrollo de los sistemas educativos modernos. Entre lo nacional y lo global*. Barcelona: Octaedro.




Mata Anaya, J., Núñez Delgado, M. P., e Rienda Polo, J. (2015). *Didáctica de la lengua y la literatura*. Madrid: Pirámide.




Núñez Cubero, L. (Coord.) (2015). *Cultura Emprendedora y Educación*. Sevilla: Editorial Universidad de Sevilla.




Puig Rovira, J. M. (Coord.) (2015). *11 Ideas clave. ¿Cómo realizar un proyecto de aprendizaje-servicio?* Barcelona: Graó.




Rabazas Romero, T. (Coord.) (2015). *El conocimiento teórico de la educación en España*. Madrid: Síntesis.




Rodríguez Malmierca, M. J. (Ed.) (2015). *Teaching and Learning in the Cloud. Cloud based teaching and learning in rural schools*. Santiago de Compostela: CESGA.



Santamaría Conde, R. M. (2015). *Organizar centros escolares*. Madrid: Síntesis.



Santos Rego, M. A. (Dir.) (2015). *El poder de la familia en la educación*. Madrid: Síntesis.



Santos Rego, M. A., Sotelino Losada, A., e Lorenzo Moledo, M. (2015). *Aprendizaje-servicio y misión cívica de la universidad. Una propuesta de desarrollo*. Barcelona: Octaedro.



NOVIDADES LEXISLATIVAS

Ofrecemos as novidades referentes á lexislación educativa aparecidas nos últimos meses, tanto a nivel nacional como autonómico galego. Pódese realizar esta consulta de modo máis pormenorizado e seguir as novidades lexislativas na web da Rede RIES:

http://redries.usc.es/index.php?option=com_content&view=article&id=42&Itemid=38

BOE

Orde ECD/1308/2015, do 8 de xuño, pola que se regulan as características e organización do nivel intermedio das ensinanzas de réxime especial de español como lingua estranxeira das escolas oficiais de idiomas do ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e se establece o currículo respectivo. BOE Núm. 157 Xoves, 2 de xullo de 2015 Páx. 53897-53916.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/02/pdfs/BOE-A-2015-7357.pdf>

Orde ECD/1315/2015, do 30 de xuño, pola que se fixan os prezos públicos polos servizos académicos universitarios na Universidad Nacional de Educación a Distancia para o curso 2015-2016. BOE Núm. 157 Xoves, 2 de xullo de 2015 Páx. 54030-54042.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/02/pdfs/BOE-A-2015-7382.pdf>

Real Decreto 595/2015, do 3 de xullo, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das becas e axudas ao estudo para o curso 2015-2016, e se modifica parcialmente o Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das becas e axudas ao estudo personalizadas. BOE Núm. 159 Sábado, 4 de xullo de 2015 Páx. 55074-55086.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/04/pdfs/BOE-A-2015-7455.pdf>

Orde ECD/1361/2015, do 3 de xullo, pola que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e se regula a súa implantación, así como a avaliación continua e determinados aspectos organizativos das etapas. BOE Núm. 163 Xoves, 9 de xullo de 2015 Páx. 56936-56962.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/09/pdfs/BOE-A-2015-7662.pdf>

Real Decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, no Bacharelato, na Formación Profesional e nas ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de Ensinanza Secundaria. BOE Núm. 171 Sábado, 18 de xullo de 2015 Páx. 59861-59873.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/18/pdfs/BOE-A-2015-8043.pdf>

Resolución do 7 de xullo de 2015, da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, pola que se modifican as Resolucións do 5 de novembro de 2013 e do 1 de agosto de 2014, polas que se aproban as convocatorias para 2013 e 2014, respectivamente, do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa Estatal de Fomento da Investigación Científica e Técnica de Excelencia, Subprograma Estatal de Xeración de Coñecemento, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016. BOE Núm. 172 Luns, 20 de xullo de 2015 Páx. 60223-60225.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/20/pdfs/BOE-A-2015-8142.pdf>

Resolución do 7 de xullo de 2015, da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, pola que se modifican as Resolucións do 5 de novembro de 2013 e do 6 de agosto de 2014, polas que se aproban as convocatorias para 2013 e 2014, respectivamente, do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Orientada aos Retos da Sociedade no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016. BOE Núm. 172 Luns, 20 de xullo de 2015 Páx. 60226-60229.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/20/pdfs/BOE-A-2015-8143.pdf>

Corrección de erros da Orde ECD/1361/2015, do 3 de xullo, pola que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e se regula a súa implantación, así como a avaliación continua e determinados aspectos organizativos das etapas. BOE Núm. 173 Martes, 21 de xullo de 2015 Páx. 60369-61544.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/21/pdfs/BOE-A-2015-8149.pdf>

Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. BOE Núm. 175 Xoves, 23 de xullo de 2015 Páx. 61871-61889.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/23/pdfs/BOE-A-2015-8222.pdf>

Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. BOE Núm. 180 Mércores, 29 de xullo de 2015 Páx. 64544-64613.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/29/pdfs/BOE-A-2015-8470.pdf>

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Resolución do 23 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da materia Relixión Evanxélica en Educación Secundaria Obrigatoria. BOE Núm. 181 Xoves, 30 de xullo de 2015 Páx. 65178-65197.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/30/pdfs/BOE-A-2015-8526.pdf>

Corrección de erros da Resolución do 11 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria. BOE Núm. 182 Venres, 31 de xullo de 2015 Páx. 65964-65965.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/07/31/pdfs/BOE-A-2015-8568.pdf>

Real Decreto 774/2015, do 28 de agosto, polo que se establecen seis Títulos de Formación Profesional Básica do catálogo de Títulos das ensinanzas de Formación Profesional. BOE Núm. 207 Sábado, 29 de agosto de 2015 Páx. 76717-77061.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/08/29/pdfs/BOE-A-2015-9462.pdf>

Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral. BOE Núm. 217 Xoves, 10 de setembro de 2015 Páx. 79779-79823.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/09/10/pdfs/BOE-A-2015-9734.pdf>

Real Decreto 789/2015, do 4 de setembro, polo que se regula a estrutura e funcionamento do Centro para a Innovación e o Desenvolvemento da Educación a Distancia. BOE Núm. 228 Mércores, 23 de setembro de 2015 Páx. 84980-84985.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/09/23/pdfs/BOE-A-2015-10198.pdf>

Orde ECD/1961/2015, do 24 de setembro, pola que se modifica a Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, pola que se regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bachelier e de Baccalauréat en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención. BOE Núm. 233 Martes, 29 de setembro de 2015 Páx. 88284-88300.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/09/29/pdfs/BOE-A-2015-10392.pdf>

Orde ECD/2008/2015, do 28 de setembro, pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas en réxime nocturno, a distancia e a distancia virtual, no ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. BOE Núm. 236 Venres, 2 de outubro de 2015 Páx. 89531-89550.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/10/02/pdfs/BOE-A-2015-10567.pdf>

Resolución do 14 de setembro de 2015, da Dirección Xeral de Política Universitaria, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 4 de setembro de 2015, polo que se determina o nivel de correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior do Título Universitario Oficial de Licenciado en Psicopedagogía. BOE Núm. 236 Venres, 2 de outubro de 2015 Páx. 89579-89582.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/10/02/pdfs/BOE-A-2015-10575.pdf>

Resolución do 14 de setembro de 2015, da Dirección Xeral de Política Universitaria, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 4 de setembro de 2015, polo que se determina

o nivel de correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior do Título Universitario Oficial de Licenciado en Pedagogía. BOE Núm. 236 Venres, 2 de outubro de 2015 Páx. 89587-89590.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/10/02/pdfs/BOE-A-2015-10577.pdf>

Resolución do 14 de setembro de 2015, da Dirección Xeral de Política Universitaria, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 4 de setembro de 2015, polo que se determina o nivel de correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior do Título Universitario Oficial de Diplomado en Educación Social. BOE Núm. 236 Venres, 2 de outubro de 2015 Páx. 89615-89618.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/10/02/pdfs/BOE-A-2015-10584.pdf>

Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado. BOE Núm. 247 Xoves, 15 de outubro de 2015 Páx. 95764-95784.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/10/15/pdfs/BOE-A-2015-11072.pdf>

Resolución do 4 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se ditan instrucións relativas ao programa de dobre titulación Bachelier - Baccalauréat correspondentes ao curso 2015-2016. BOE Núm. 267 Sábado, 7 de novembro de 2015 Páx. 106034-106048.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/11/07/pdfs/BOE-A-2015-12085.pdf>

Corrección de erros da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. BOE Núm. 285 Sábado, 28 de novembro de 2015 Páx. 112456.

NOVIDADES LEXISLATIVAS

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/11/28/pdfs/BOE-A-2015-12888.pdf>

Real Decreto 1058/2015, do 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de Educación Primaria establecida na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. BOE Núm. 285 Sábado, 28 de novembro de 2015 Páx. 112518-112523.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/11/28/pdfs/BOE-A-2015-12894.pdf>

Resolución do 26 de novembro de 2015, da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se publican os criterios específicos aprobados para cada un dos campos de avaliación. BOE Núm. 286 Luns, 30 de novembro de 2015 Páx. 113060-113078.

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/11/30/pdfs/BOE-A-2015-12970.pdf>

DOG

Corrección de erros. Orde do 8 de xuño de 2015 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/16, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.. DOG Núm. 116 Luns, 22 de xuño de 2015 Páx. 24795-24796.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150622/AnuncioG0164-190615-3_gl.pdf

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25434-27073.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.pdf

Decreto 90/2015, do 18 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2015/16. DOG Núm. 123 Xoves, 2 de xullo de 2015 Páx. 27623-27633.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150702/AnuncioG0164-260615-0004_gl.pdf

Orde do 3 de xullo de 2015 pola que se complementa a Orde do 3 de xuño de 2011, modificada pola Orde do 23 de xuño de 2014, pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional e se establece o procedemento de habilitación. DOG Núm. 130 Luns, 13 de xullo de 2015 Páx. 28978-28982.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150713/AnuncioG0164-080715-0004_gl.pdf

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. DOG Núm. 136 Martes, 21 de xullo de 2015. Páx. 30316-30431.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150721/AnuncioG0164-160715-0001_gl.pdf

Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas. DOG Núm. 137 Mércores, 22 de xullo de 2015 Páx. 30536-30570.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150722/AnuncioG0164-150715-0001_gl.pdf

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 142 Mércores, 29 de xullo de 2015 Páx. 31560-31574.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150729/AnuncioG0164-240715-0003_gl.pdf

Orde do 29 de xullo de 2015 pola que se complementa a Orde do 3 de xuño de 2011 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación. DOG Núm. 147 Mércores, 5 de agosto de 2015 Páx. 32219-32221.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150805/AnuncioG0164-310715-0001_gl.pdf

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2015/16. DOG Núm. 149 Venres, 7 de agosto de 2015 Páx. 32576-32648.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150807/AnuncioG0164-300715-0001_gl.pdf

NOVIDADES LEXISLATIVAS**Orde do 23 de setembro de 2015**

pola que se modifica a do 10 de xuño de 2015 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2015/16. DOG Núm. 189 Venres, 2 de outubro de 2015 Páx. 38478-38481.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151002/AnuncioG0164-280915-0003_gl.pdf

Orde do 23 de setembro de 2015

pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2015/16. DOG Núm. 190 Luns, 5 de outubro de 2015 Páx. 38754-38768.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151005/AnuncioG0164-280915-0001_gl.pdf

Decreto 161/2015, do 5 de

novembro, que modifica o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 216 Xoves, 12 de novembro de 2015 Páx. 42883-42885.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151112/AnuncioG0164-101115-0001_gl.pdf

Resolución do 5 de novembro de

2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, para o curso 2015/16, os contratos-programa con centros docentes e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes desta consellería. DOG Núm. 217

Venres, 13 de novembro de 2015 Páx. 43024-43042.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151113/AnuncioG0164-061115-0005_gl.pdf

COORDINADOR DA REDE RIES

Dr. Miguel A. Santos Rego

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN**G.I. 1790 ESCOLA-CULTURA
(ESCULCA)**

Dir. Miguel Anxo Santos Rego

**G.I. 1877 GRUPO GALEGO DE
ESTUDOS PARA A FORMACIÓN E
INSERCIÓN LABORAL (GEFIL)**

Dir. Antonio Rial Sánchez

**G.I. 1468 DIAGNÓSTICO E
ORIENTACIÓN EDUCATIVA E
PROFESIONAL (DIOEP)**

Dir. Elena Fernández Rey

**G.I. 1438 TECNOLOXÍA
EDUCATIVA (TEC_EDUC)**

Dir. Beatriz Cebreiro López

**G.I. 1372 GRAMÁTICA DO
ESPAÑOL (GRAMÁTICA)**

Dir. María Teresa Díaz García

**G.I. DE3 GRUPO DE
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,
ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE
(GIES10)**

Dir. Margarita Pino Juste

**G.I. EN PSICOLOXÍA EDUCATIVA
(PED)**

Dir. Antonio Valle Álvarez

**Contacto:**

Facultade de Ciencias da Educación

Despacho 28 (Módulo A)

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela (A Coruña)

<http://redries.usc.es>rederies@gmail.com

Teléfono: 881 813 890

EQUIPO DE REDACCIÓN

- Carmela Cambeiro Lourido
- Jesús García Álvarez

Xa estamos traballando en...

- Xornadas de Entrenamento Funcional.
- Edición do Informe "A Investigación Educativa en Galicia 2002-2014".
- II Seminario de Aprendizaxe-Servizo no ensino non universitario.
- VII Congreso Nacional e I Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario.